

DECÁLOGO DE TURISMO RESPONSABLE DURANTE A ECLIPSE

1

Protexe a túa saúde e a dos teus.

Hidrátate, utiliza protección solar e evita exposicións prolongadas á calor, especialmente nas horas centrais do día.

2

Protexe a túa vista.

Non mires directamente ó sol sen protección homologada. Utiliza unicamente lentes certificados (ISO 12312-2) ou filtros solares axeitados para telescopios e cámaras, e comproba o seu estado antes da eclipse. Consulta [aquí](#) as recomendacións.

3

Planifica con antelación.

Reserva o teu aloxamento con tempo e organiza os teus desprazamentos para evitar atoaamentos, restricións ou imprevistos o día da eclipse.

4

Infórmate e viaxa preparado.

Consulta [fontes oficiais](#) e ten en conta que algúns servizos poden ser limitados ou saturarse. Leva auga, comida, medicación, combustible suficiente e batería no móbil.

5

Desprázate de forma segura e sostible.

Evita distraccións ó volante durante a eclipse. Non pares nas estradas ou lugares non habilitados e segue sempre as indicacións de tráfico. Reduce os desprazamentos innecesarios e prioriza camiñar, a bicicleta, o transporte público ou vehículos eficientes. Aparca unicamente en zonas habilitadas.

6

Elix ben o lugar de observación.

Consulta [aquí](#) os puntos recomendados e evita zonas non habilitadas ou perigosas. Chega con antelación e revisa a previsión meteorolóxica.

7

Aproveita a túa localización.

Desprazarse non sempre mellora a experiencia. Se estás na zona de totalidade e tes boa visibilidade, a túa localización actual pode ser o mellor lugar para observar a eclipse.

8

Reduza o risco de incendio e coide o medio natural.

No verán, mesmo unha pequena chispa pode provocar un gran incendio. A normativa española prohíbe calquera tipo de lume en zonas forestais durante esta época do ano. Respetar a flora e a fauna, evitar entrar en zonas protexidas ou terras de cultivo, minimizar os residuos e usar os recursos de xeito responsable.

9

Respecta a convivencia coa comunidade local e o patrimonio cultural.

Desfruta da cultura local, respectando á veciñanza, a súa contorna e os seus costumes.


10

Elix produtos locais.

Contribúe á economía do lugar e apoia os comercios, a gastronomía e os servizos locais.



E, sobre todo, desfruta! Estás perante un evento astronómico excepcional.



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO

SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO

TURESPAÑA 